

ADAPTACIÓN da PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Curso 2019-2020

CMUS - Ourense

REPENTIZACIÓN, TRANSPORTE e ACOMPAÑAMENTO

Curso 4º, 5º e 6º - GP

ÍNDICE

- 1. Criterios de avaliación**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 4. Información e publicidade.**

1. Criterios de avaliación

<ul style="list-style-type: none">· Completar o programa establecido para o curso.
<ul style="list-style-type: none">· Mostrar nos exercicios, estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual, así como a adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
<ul style="list-style-type: none">· Amosar interese polas diferentes materias que conforman o currículo do ensino musical.
<ul style="list-style-type: none">· Asistir, na medida do posible, ás actividades musicais organizadas polo conservatorio, así como por outras entidades culturais.
<ul style="list-style-type: none">· Ler partituras ou fragmentos, á primeira vista, con fluidez e comprensión.
<ul style="list-style-type: none">· Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseo axeitados ao contido.
<ul style="list-style-type: none">· Improvisar sobre bases harmónicas e variantes melódicas: aplicar técnicas de improvisación pregunta-resposta, analizar e improvisar acompañamentos a melodías dadas, recoñecer e desenvolver partes harmónicas e melódicas, etc .
<ul style="list-style-type: none">· Ler á primeira vista fregmentos e obras musicais de dificultede progresiva.
<ul style="list-style-type: none">· Usar a técnica do transporte, para desenvolver e mellorar as capacidades e recursos musicais coma intérprete: transportar pequenos fragmentos, de pouca dificultade técnica, a segundas e terceiras, maiores e menores, en sentido ascendente e descendente. Practicar o transporte de melodías usando as distintas . claves.
<ul style="list-style-type: none">· Uso do baixo cifrado: para realizar un acompañamento a una melodía ou completar un exercicio musical proposto polo profesor.
<ul style="list-style-type: none">· Coñecer o cifrado americano, para así poder acompañar unha melodía.
<ul style="list-style-type: none">· Ser capaz de reducir á primeira vista algún dúo ou trio sinxelo.
<ul style="list-style-type: none">· Ser capaz de ler á primeira vista, obras corais, escritas a 4 claves.

2. Avaliación e cualificación

<p>Avaliación</p>	<p><u>Procedementos:</u> <i>Aplicados no 1º e 2º trimestre:</i> A avaliación baseóuse na corrección dos traballos realizados (exercicios e pequenas pezas, interpretadas por cada alumno), tendo en conta a avaliación inicial, formativa e final que aparecen reflectidas na programación didáctica. <i>Aplicados no 3º trimestre:</i> Estará, a avaliación, fundamentada nos traballos realizados polos alumnos, tendo en conta as actuais circunstancias excepcionais, provocadas pola crise sanitaria, e o conseguinte estado de alarma. Realízase un seguimento, por vía telemática (nos casos onde o alumno conta con esta posibilidade), das tarefas que levan a cabo os alumnos, que, sobre todo, consisten en manter o nivel técnico adquirido nos anteriores trimestres.</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> <i>Aplicados no 1º e 2º trimestre:</i> Son os que figuran na programación didáctica. Inclúen: · Traballos de clase (40%). · Participación activa nas clases (10%). · Traballos de repentización, transporte e acompañamento, realizados durante os dous primeiros trimestres (50%). <i>Aplicados n 3º trimestre:</i> Teráse en conta a situación de excepción que vivimos, polo tanto, farase un seguimento telemático (non en todos os casos foi posible) dos traballos realizados polos alumnos, nas sesións non presenciais.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>Procedemento para obter a cualificación final do curso: O alumnado, con carácter xeral, obterá a nota resultante da media da 1ª e 2ª avaliación, podendo, cos traballos realizados na terceira, subir a cualificación final.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumno terá a posibilidade de superar a materia realizando unha proba, que consistirá na interpretación de algunha pequena peza, á primeira vista. Acompañar unha melodía dada. Transportar a distancia de segunda ou terceira (maior ou menor) un fragmento dado. Improvisar sobre una base harmónica dada. Les á primeira vista un coral, escruto en 4 claves.</p>

3. Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none">· Realizar exercicios de repentización, transporte e acompañamento baseados nos coñecementos e na práctica adquirida no 1º e 2º trimestre.· Improvisar, sobre bases harmónicas dadas.
Metodoloxía (alumnado con, e sen conectividade)	<p>A metodoloxía empregada e de atención continua e individualizada, coa intención de repasar e mellorar o resultado académico final.</p> <p>Despois dun primeiro contacto, vía correo electrónico, a maioría dos alumnos da materia dispoñían de medios para poder conectarse á rede, uns poucos, non. Polo tanto fixouse un seguimento baseado en:</p> <ul style="list-style-type: none">· Intercambio de correos electrónicos.· Contacto telefónico con aqueles alumnos que tiñan un menor grao de conectividade.· Intercambio de mensaxes por WhatsApp.· Recomendacións varias, polas mesmas vías de comunicación.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">· Bibliografía referente á materia.· Partituras facilmente analizables, para que lles sirvan de apoio.· Recursos audiovisuais diversos· Recomendacións de vídeos que lles poden ser de utilidade.

4. Información e publicidade

1. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento para que a información chegue ao alumnado será o seguinte: <ul style="list-style-type: none">· Centros.Net.· Páxina web do CMUS.· Contacto a través de WhatsApp.· Contacto telefónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro: www.conservatoriourense.org